



# Informa Universidade

[www.cig-ensino.gal](http://www.cig-ensino.gal)

## CIG-Ensino amosa a súa posición crítica coas propostas de reforma da carreira profesional do PDI universitario.

**O sindicato adiantou as súas críticas aos textos presentados polo ministro Castells para reformar a LOU e para un novo Estatuto do Profesorado Docente e Investigador nunha reunión telemática que tivo lugar o luns 13 de xullo.**

A CIG, como sindicato máis representativo, participou este luns día 13 de xullo de 2020 nunha xuntanza co Ministro de Universidades, Manuel Castells. A reunión foi unha primeira toma de contacto para debater unha modificación da Lei Orgánica de Universidades e o Estatuto do Persoal Docente e Investigador. Ambos documentos (o Borrador do Anteproxecto de Lei polo que se modificaría a Lei Orgánica 6/2001 e o Borrador de Real Decreto do Estatuto do PDI universitario) poden consultarse nesta ligazón.

Logo da xuntanza a CIG-Ensino quere manifestar a súa opinión polos dous textos que se someteron ao seu coñecemento.

**É preciso un debate demorado e que atenda aos problemas reais.** Os textos deben ser obxecto dunha verdadeira negociación no seo da mesa de negociación de Universidades, pendente de constitución, que permita un debate demorado e profundo dunhas normas que deberían abordar os problemas reais do PDI universitario. Non se acompañan dunha memoria económica para coñecer o impacto orzamentario previsto.

**Os problemas principais do PDI, ausentes.** Os principais problemas do persoal docente das universidades: precariedade, envellecemento do cadro de persoal e hiperburocratización, non se abordan nos textos, nin se aportan medidas que poidan solucionarlos.

**Incídese nunha carreira de dobre vía, con duplicidade total nas categorías, mesmo até o tramo final da carreira profesional, coa creación de cátedras de profesorado contratado laboral.** Non se entende a aposta por unha dobre carreira laboral e funcional idéntica nas funcións, acreditacións, salarios e categorías. Que busca fomentar o Ministerio con esta dobre vía? Competencialmente ademais esta aposta é innecesaria porque xa a LOU habilita ás Comunidades Autónomas para poñela en marcha, como fixeron Euskadi e Cataluña. En cambio, a CIG-Ensino sinalou que sorprende que o Ministerio non aborde a regulación de profesorado que si que é competencia central como acontece co profesorado colaborador-titor da UNED.

**U** **nh**a **carreira profesional truncada.** A desaparición das categorías de profesorado das fases iniciais da carreira académica (Axudantes, Axudantes Doutores) supón ignorar a precariedade como un dos principais rasgos da universidade actual. Non entendemos cal ou cales van ser as figuras de tránsito entre os contratos predoutorais e as figuras de estabilización que son as únicas previstas. En todo caso, a CIG-Ensino entende que se deben regular previsións transitorias para o profesorado actualmente acreditado ás distintas figuras laborais.

**O** **texto introduce unha obriga de desvinculación de 9 meses, cunha estadía desa duración noutra universidade do Estado ou estranxeira.** Esta desvinculación nunha figura laboral que implica un certo grao de madurez académica consideramos que non se introduce no momento profesional idóneo para conseguir eses obxectivos, que pode formular problemas de conciliación e que o feito de esixilo nun contrato de duración de 3 anos pode levar ao desuso da figura polas universidades polos custes que supón. A necesidade de acreditar períodos longos de estadía no estranxeiro ou noutra universidade diferente debe ser un requisito de acceso ligado sobre todo aos momentos iniciais da carreira académica e non a momentos máis avanzados.

**N** **on existe unha proposta de carreira profesional horizontal.** Sorprende igualmente que a reclamada carreira profesional, que implicaría a existencia de graos de evolución dentro dun mesmo corpo ou categoría, e a súa regulación económica non figuren nos textos. A CIG aposta por un corpo único de profesorado doutor con graos que configuren unha carreira profesional estimulando o esforzo e premiando os resultados.

**N** **on se regulan as incompatibilidades.** Debería regularse de forma máis detallada o réxime de incompatibilidades evitando incentivar a precarización do emprego abrindo resquicios á compatibilidade a varios empregos

parciais en diversas universidades públicas ou nalgunha privada.

**N** **on se afronta a homologación dos corpos universitarios.** Deben homologarse os niveis profesionais do PDI a outros corpos da Administración con parecida cualificación, subindo o dos Titulares de Universidade a nivel 28 e o de Catedráticos a nivel 30.

**I** **ntrodúcese unha figura, Profesorado Extraordinario, exenta do requisito de concurso público para o acceso á docencia.** A omisión da obriga de concurso público para a figura do Profesorado Extraordinario pode ser moi problemática en termos de transparencia.

**A** **proposta de contratación transitoria de profesorado sen doutoramento non dá solución aos problemas existentes.** O documento parte, como principio reitor, da contratación de PDI exclusivamente con titulación de doutoramento e abre a porta a unha transitoriedade de tres anos. A regulación dunha figura transitoria de contratado non doutor durante os tres primeiros anos tras a aprobación das normas máis que dar saída a situacións enquistadas: falso profesorado asociado, contratos de interinidade... para as que se deben prever solucións específicas e claras, pode dar lugar á proliferación de novos nichos de precariedade.

**A** **conciliación como dereito non se garante na proposta ministerial.** É fundamental que a conciliación da vida laboral e familiar estea incluída na lista de dereitos do PDI. Tamén que o seu goce se promova activamente a través de medidas que protexan o PDI contra situacións de vulnerabilidade. Na práctica, predomina o principio de xerarquía e antigüidade e dificulta o acceso ao goce dos dereitos para as categorías profesionais máis precarias.

**M** **antense a rixidez na carreira profesional.** Os pasos na carreira profesional estabelécense de novo cun prazo e uns requisitos mínimos moi ríxidos. É necesario

estabelecer medidas de flexibilidade, especialmente nos primeiros pasos, que determinen que a maternidade ou a paternidade non danan o progreso académico. É especialmente importante incorporar a perspectiva de xénero na definición da figura do profesorado/médico para quen se prevén moitos requisitos de desempeño (estadías, avaliación despois de tres anos) e unha duración máxima, sen prever a incidencia de interrupcións. É preciso prever extensións relevantes (12/18 meses por fillo ou filla) para os distintos fitos ou prazos establecidos.

**P**recísanse máis dereitos para as interrupcións da carreira profesional derivadas da conciliación. O establecemento de réximes de dedicación (horas lectivas e non lectivas) debe incorporar a incidencia de interrupcións por maternidade / paternidade ou outras baixas relacionadas con tarefas de coidado. É necesario establecer reducións da carga docente polo menos no semestre de incorporación despois de gozar do permiso de acordo co exemplo dalgunhas universidades

españolas. Isto permitiría evitar prácticas como a concentración da carga docente no semestre de incorporación e aliviaría a incidencia de interrupcións de carreira no desempeño da investigación. Ademais, é necesario promover a substitución do persoal por baixa por maternidade ou paternidade, que actualmente é unha práctica case inexistente nas universidades.

**D**ebe garantirse un reparto equilibrado da carga docente. No caso do PDI a tempo parcial, é fundamental establecer unha distribución equilibrada da carga docente que impida a súa concentración en determinados períodos. Isto determina que a carga de traballo non se corresponde coa establecida no contrato e dificulta a conciliación da vida laboral e familiar.

**A**creditación debe mellorar e atender á diversidade na carreira profesional. Os procesos e criterios de acreditación deben deseñarse de forma que non castiguen traxectorias de investigación interdisciplinares.

## NOVA CARREIRA PROFESIONAL NA PROPOSTA DO MINISTERIO DE UNIVERSIDADE

### PDI CONTRATADO

#### **Profesorado Asociado.**

Especialistas con actividade profesional principal fóra do ámbito universitario. Contrato temporal e a tempo parcial cun máximo de 60 horas por curso. Se se perde a actividade profesional só se pode prorrogar o contrato por un ano académico.

#### **Profesorado doutor.**

Contrato temporal non superior a sete anos (contrato inicial non superior a cinco anos e dous anos adicionais como máximo). Docencia entre 180 e 240 horas por curso. Avaliación aos tres anos. Durante o contrato debe realizarse unha estancia mínima acumulada de nove

meses en universidades ou centros de investigación de recoñecido prestixio, estatais ou estranxeiros, diferentes a onde se presentou a tese doutoral e na que se leve a cabo a contratación.

#### **Profesorado titular contratado.**

Contrato indefinido a tempo completo. Avaliación da ANECA ou órgano autonómico. Estancia mínima de nove meses tras a obtención do título de doutoramento en universidades ou centros de investigación de recoñecido prestixio, estatais ou estranxeiros, diferentes a onde se presentou a tese doutoral e na que se leve a cabo a contratación.

**Catedráticas/os contratadas/os de Universidade.** Avaliación da ANECA ou órgano autonómico.

### **Profesorado extraordinario.**

Docentes, persoal investigador ou profesionais de recoñecido prestixio procedente doutras universidades ou centros de investigación, estatais ou estranxeiros, que teñan neles contrato permanente. Tarefas docentes até un máximo de 180 horas. Duración do contrato até cinco anos (3+2) a tempo parcial ou completo.

### **Profesorado emérito.**

Contratación de PDI funcionario ou laboral xubilado.

### **Profesorado Substituto Temporal.**

Para substituír a PDI con reserva de posto de traballo. Acceso mediante concurso a unha lista de agarda ou bolsa de traballo. Tarefas docentes entre 60 e 240 horas por curso e non superior á da persoa substituída. A duración “nunca será superior a tres anos”.

## **Medidas transitorias a ter en conta con contratacións previas á reforma da Lei.**

Os contratos de PDI previos á entrada en vigor da reforma da Lei poderían renovarse até un máximo de tres anos.

**O profesorado asociado** actual está incluído neste prazo.

### **Profesorado contratado non doutor.**

A contratación de PDI sen doutoramento terá carácter excepcional, limitado a a casos nos que nun proceso selectivo non existan persoas con ese título. Desde a entrada en vigor da Lei só se podería contratar nesta modalidade durante tres anos.

Deben ser persoas admitidas ou en condicións de ser admitidas en estudos de doutoramento. Contrato temporal a tempo completo. Duración non superior a seis anos. Tarefas docentes até un máximo de 180 horas por curso.

## **PDI FUNCIONARIO**

### **Profesorado Titular (PTU).**

Acceso por concurso público con acreditación positiva da ANECA e estancia de docencia e/ou investigación mínima de 9 meses noutra universidade no transcurso da traxectoria académica como PDI.

### **Catedrática/o (CU).**

Acreditación da ANECA.

**Mentres non accedan a PTU:** Profesorado Titular e Catedráticas/os de Escola Universitaria

## **OS NOSOS LOCAIS**

**SANTIAGO** (Local Nacional)  
Rúa Miguel Ferro Caaveiro 10  
15706 Santiago de Compostela  
☎ 981 57 68 00 / Fax 981 575 839  
santiago@cig-ensino.gal

**A CORUÑA**  
Rúa Alfonso Molina s/n  
15007 A Coruña  
☎ 981 169 810 / Fax 981 291 735  
acorunha@cig-ensino.gal

**BAIXO MIÑO**  
Praza da Guía 3, Baixo  
36780 A Guarda  
☎ 986 610 465 / Fax 986 610 465  
baixomiño@cig-ensino.gal

**MORRAZO**  
Rúa Atranco 19a, Entrechán 1  
36947 Cangas  
☎ 986 302 987 / Fax 986 302 987  
morrazo@cig-ensino.gal

**FERROL**  
Rúa Eduardo Pondal 41-43  
15403 Ferrol  
☎ 981 358 750 / Fax 981 358 760  
ferrol@cig-ensino.gal

**LUGO**  
Ronda da Muralla 58, 2º andar  
27003 Lugo  
☎ 982 245 023 / Fax 982 2453 891  
lugo@cig-ensino.gal

**OURENSE**  
Parque de San Lázaro 12, 4º  
32003 Ourense  
☎ 988 238 350 / Fax 988 222 855  
ourense@cig-ensino.gal

**PONTEVEDRA**  
Rúa Pasantería 1, 2º Esquerda  
36002 Pontevedra  
☎ 986 861 513 / Fax 986 855 050  
pontevedra@cig-ensino.gal

**A MARIÑA**  
Avenida de Galicia 20, 1º  
27700 Ribadeo  
☎ 982 129 593 / Fax 982 129 593  
amarinha@cig-ensino.gal

**VAL DE MONTERREI**  
Rúa Pedro González 5, 1º  
32600 Verín  
☎ 988 412 345 / Fax 986 411 013  
verin@cig-ensino.gal

**VIGO**  
Rúa Gregorio Espino 47, Baixo  
36205 Vigo  
☎ 986 827 935 / Fax 986 262 844  
vigo@cig-ensino.gal

**SALNÉS**  
Rúa Alexandre Bóveda 2, 2º  
36600 Vilagarcía  
☎ 986 505 323 / Fax 986 505 323  
salnes@cig-ensino.gal